

Ardora pode facer actividades con sons, pero o formato adecuado para os sons é **AU**. Seguramente cando gravamos un son co noso equipo obtemos un arquivo **wav** ou **mp3**. Polo tanto precisaremos convertilo a formato au. Para elo empregaremos a ferramenta **SWITCH**.

Instalación de SWITCH


Facemos dobre clic sobre a icona de instalación do programa




- Ábrese un cadro de diálogo e premeremos en executar



- Aceptamos os termos da licenza e prememos en seguinte




- Instálase automaticamente o programa e aparece unha nova xanela na que non marcamos ningunha opción complementaria. Simplemente prememos en rematar




- Xa podemos considerar instalado o programa cando aparece un novo cadro



- Esperamos un pouco máis e o programa xa estará instalado e dispoñible para empregar



- Simplemente o cerramos e veremos que no escritorio xa temos unha nova icona para lanzar a aplicación



Conversión de ficheiros mp3 ou wav a au

- Abro o programa premendo na icona do escritorio



- Agora coa aplicación xa aberta, premo na opción de engadir arquivo




- Ábrese unha xanela para navegar polas carpetas do ordenador e seleccionar o arquivo de son en **calquera formato** que quero transformar ao formato **au**




- Localizo o arquivo ou arquivos




- Unha vez seleccionados e incorporados á aplicación, selecciónoos e indico o formato de saída



- Nos botons “Browse” e “Open Output Folder” podemos indicar onde gardar os arquivos modificados e localizalos directamente



- Só nos faltará premer no botón “Convert”



Como dixemos anteriormente , na opción “Open Output Folder” localizamos inmediatamente os arquivos modificados.